

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2006

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:00 horas, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Excm. Sra. Vicerreitora de Investigación, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da anterior reunión
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se procede, da proposta de tarifas
4. Convocatorias de infraestrutura
5. Rolda de intervencións

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.
Pilar Rodríguez Barro
Carlos Jiménez González
Andrés de Blas Varela
Andrés Martínez Lage
Soledad Muniategui Lorenzo
José Luis Vilariño López
Daniel Fernández Mosquera
Julián Yáñez Sánchez
Alicia Cantarero Roldán
José María Aguiar Paz
Jorge Otero Canabal

Non se atopa presente Jorge Delgado Martín, quen disculpou a súa presenza por atoparse desprazado nun tribunal de habilitación.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

A Acta da reunión celebrada o 26 de xullo de 2006 foi previamente remitida aos membros da Comisión de Usuarios para a súa revisión. A Vicerreitora de Investigación sinala un erro na acta, que debería indicar que para a constitución da Comisión de Usuarios se solicitaron candidatos de forma conxunta ao Dpto. de Ciencias da Terra e ao Instituto Universitario de Xeoloxía. Andrés de Blas menciona que a acta lle atribúe unha pregunta sobre recollida de mostras que en realidade non foi feita por el. Os membros da Comisión recordan que a pregunta foi plantexada por Andrés Martínez Lage, polo que se debeu producir un erro de transcripción. Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da reunión anterior coas correccións mencionadas.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O Director do Servizo, Jaime Rodríguez González, fai un resumo da xestión do servizo desde a anterior reunión. Adxúntase coa presente acta o contido da exposición en formato electrónico, facéndose un breve resumo neste acta:

- Realizouse xa a instalación dos últimos espectrómetros de masas adquiridos. Preséntanse fotografías dos equipos e laboratorios: un equipo LC-Q-q-TOF e un equipo MALDI-TOF (Unidade de Espectroscopia Molecular), e un equipo LC-triple cuadrupolo (Unidade de Técnicas Cromatográficas). O laboratorio do equipo LC-Q-q-TOF requireu un acondicionamento especial para proporcionar o control de temperatura necesario. Está previsto realizar en febreiro-marzo de 2007 xornadas de presentación destes equipos, con exposicións sobre as posibles aplicacións a cargo de expertos seleccionados pola empresa subministradora, Applied Biosystems.

- Enquisas de satisfacción de usuarios. A Dirección e o Comité Técnico do servizo elaboraron un formulario de satisfacción, que foi revisado posteriormente pola Unidade Técnica de Calidade. Chegouse así a unha versión final do formulario, que constaba dunha sección xeral, para a avaliación do servizo no seu conxunto, e seccións específicas para cada unha das unidades que o compoñen. As enquisas remitíronse aos usuarios entre xullo e setembro, e realizáronse recordatorios para solicitar a súa cumplimentación.

Recibíronse 30 respostas de tipo A, e 28 de tipo B e C. O nivel de participación foi pois baixo, se ben probablemente en torno ao habitual para este tipo de enquisas. Asígnase un valor numérico a cada posible resposta (totalmente insatisfeito=1, pouco satisfeito=2, satisfeito=3, moi satisfeito=4), e estableceuse un nivel de alerta en 2,8 puntos. Quedaron por debaixo deste valor os seguintes puntos do cuestionario:

- 4. Suficiencia da información sobre as actividades que se desenvolven nos SAI (2,68)
- 9. Tempo de resposta que teñen as análises que vostede solicita (2,72)

En canto aos puntos fortes detectados, estes foron:

- 7. Contacto cos técnicos dos SAI (accesibilidade, canles de comunicación, coordinación, horario,...) (3,63)
- 10. Utilidade do Servizo (3,33)
- 1. Adecuación do equipamento dos SAI para desenvolver as análises que solicita (3,24)
- 11. Instalacións do servizo (localización, adecuación, equipamento, ...) (3,17)
- 6. Adecuación dos trámites de xestión e facturación dos SAI (3,11)

O nivel de satisfacción global co servizo situouse en 3,11.

Daniel Mosquera comenta que a baixa participación dos usuarios de tipo A pode en parte estar relacionada con dificultades no funcionamento do formulario por web. Jaime Rodríguez explica que, ante a aparición destes problemas nos primeiros días cos servidores da universidade, procedeuse a habilitar un servidor no propio servizo.

- Acreditación de ensaios nos SAI. O servizo ten como obxectivo a acreditación de dous ensaios: análise de dioxinas, e análise de metais en matrices alimentarias. Para tal fin é precisa a implantación da norma ISO 17025 para todo o servizo. Estánse a

celebrar reunións semanais do Comité Técnico para a discusión e aprobación dos procedementos necesarios, co obxectivo de acadar a implantación da norma durante o 2007. Cóntase coa aprobación de Alberto Núñez, da Unidade Técnica de Calidade, quen está a liderar todo o proceso.

- Situación da Unidade de Microscopía. A unidade atópase sen personal desde outubro, xa que a técnico superior se atopa de baixa por unha tendinitis. Non existe lista de agarda para este posto, e en todo caso non se pode proveer unha substitución porque as baixas estánse a presentar por períodos dunha semana. Vaise incorporar á unidade unha persona da lista de agarda de técnicos especialistas. Mentras está pendente a contratación desta persona, ofrécese aos usuarios a posibilidade de manexar os equipos, sempre e cando teñan formación axeitada.

- Comisión de usuarios: representantes. Algúns usuarios manifestaron dúbidas sobre cal era o seu representante na Comisión. O Director do servizo aclara que a representación se establece por unidades. Cada representante recibirá un correo electrónico cun listado dos usuarios da unidade correspondente, aos que representa, e aos que deberá informar dos asuntos relativos á mesma. Andrés de Blas manifesta que non tería inconveniente en informar sobre técnicas diferentes ás da UAE, e pregunta se o listado de usuarios contempla aos xefes de grupo ou inclúe tamén ao personal autorizado; Jaime Rodríguez informa que o listado limitárase aos usuarios rexistrados como responsables de cada grupo.

Punto 3º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE TARIFAS

A Vicerreitora de Investigación recorda que a aprobación das tarifas corresponde ao Consello de Contas, previa proposta da Comisión de Usuarios. A presente proposta corresponden ás tarifas para o ano 2007. Os membros da Comisión recibiron previamente un documento coa proposta, se ben o Director menciona algunhas erratas presentes no mesmo (véxase presentación adxunta).

En xeral, as modificacións corresponden á aplicación da subida do IPC durante o 2006, se ben hai algúns casos particulares que se comentan. Atendeuse a suxerencia de Andrés de Blas na anterior sesión da Comisión, de revisar a tarifa de

baixa temperatura para monocristal. Na unidade de Bioloxía Molecular baixan algunhas tarifas pola redución do custo dos “kits” empregados, relacionada coa finalización de períodos de patente. Dacordo coa petición feita por Jorge Delgado, simplificáronse as tarifas de ICP-MS para facilitar a súa comprensión e manexo; Alicia Cantarero explica que ademáis de realizarse unha redución de tramos englobouse na tarifa a análise de brancos. Na unidade de espectroscopia molecular descoñécese aínda o coste das análises MALDI-TOF; establécese unha tarifa equiparable á de outros servizos, se ben por un período de 6 meses aplicárase para estes análises a tarifa de FAB, a fin de facilitar aos usuarios o acceso a esta técnica e posibilitar un estudo de custos. Na unidade de técnicas cromatográficas a posta a punto dun método computárase como un día de uso de equipo, cun prezo de 100 euros.

Soledad Muniategui interesase pola posibilidade de utilización dos equipos LC-MS por parte dos usuarios. Jaime Rodríguez indica que se debe cumprimentar un formulario de solicitude, que o usuario deberá ter certa experiencia no manexo de instrumentos similares, e que en todo caso estará asistido inicialmente polos técnicos do servizo.

Julián Yáñez menciona que fixo unha comparación das tarifas da unidade de microscopía coas vixentes nas universidades de Santiago e Vigo, se ben esta comparación non sempre resulta doada por basarse cada universidade en conceptos diferentes. Interesase polos criterios de elaboración das tarifas. A Vicerreitora responde que se tiveron en conta fundamentalmente os custos dos funxibles, se ben as tarifas de tipo A non cubren completamente estes custos. Julián Yáñez propón que se especifique para as determinacións de punto crítico se a tarifa se establece por horas ou por número de mostras, así como que se faga unha redacción máis xeral para as tarifas de fixación.

Carlos Jiménez transmite a consideración dun usuario do servizo de RMN de que a tarifa de ^1H no Avance 500 pode ser excesiva. Jaime Rodríguez fai unha comparación cos prezos da Universidade de Santiago, que resultan similares e en xeral un pouco máis elevados que os deste servizo. Os prezos da Universidade de Vigo non son públicos. Carlos Jiménez transmite tamén a pregunta de se o custo de mantemento do equipo de 500 MHz é 5 veces superior ao do equipo de 300MHz, conforme á proporción entre os prezos dos experimentos de ^1H an ambos equipos. Jorge Otero responde que a diferenza no custo de mantemento non é tan elevada, pero que se estableceren prezos similares aos de outras universidades (Nota posterior: o tempo requerido para obter un espectro de ^1H de calidade apropiada é en xeral bastante superior nun equipo de 500 MHz que nun equipo de 300 MHz, por requirirse

un axuste máis esixente, o que xustifica as diferencias de prezo que se poden atopar na maioría dos servizos).

José Luis Vilariño menciona un problema na tramitación de pagos que inclúen servizos a empresas externas desde partidas orzamentarias da UDC, xa que a estas partidas se lles asigna unha tarifa de tipo A, e plantexa a necesidade de establecer outro mecanismo de xestión. Andrés de Blas propón que tal vez unha solución sería asignar a partidas orzamentarias concretas unha tarifa de tipo C. A Vicerreitora sinala que estes casos presentan unha problemática administrativa relacionada coa xestión do IVE, e menciona unha sentenza recente favorable á exención do pago do IVE para unha universidade pública.

Andrés de Blas expresa a súa satisfacción por ter sido atendida a petición que presentara de redución da tarifa de baixa temperatura para monocristal, se ben considera que o volume de nitróxeno que se factura (16 litros por determinación) é aínda excesivo, polo que no futuro podería realizarse aínda unha redución adicional. Jaime Rodríguez indica que se trata dunha tarifa plana, que cubre análises de calquera duración, e que resulta inferior á das universidades do noso entorno. A Vicerreitora fai fincapé en que o servizo non pretende resultar lucrativo, pero que o seu funcionamento e mantemento teñen un custo elevado.

Soledad Muniategui pide unha aclaración sobre as tarifas de ICP-MS, en particular cal é o motivo de que o prezo varíe co número de elementos. Alicia Cantarero explica que a maior número de elementos requeridos, aumenta a proporción de mostras que requiren unha reanálise por valores fora de escala. Soledad Muniategui pregunta tamén porqué resulta máis caro o acondicionamento de líquidos que o de sólidos, cando o proceso non é máis complexo, e que significa prezo base. Alicia Cantarero informa que non se cobra o tempo de traballo, se non o funxible; basicamente o que se cobra no caso dos sólidos é o filtro empregado. O prezo base comprende o custo de calibrantes e outros gastos fixos. Soledad Muniategui plantexa que quizáis non todos os usuarios teñan que asumir os custos das reanálises, sobre todo cando se trata de mostras de concentración coñecida, para as que se podería establecer unha tarifa específica. Alicia Cantarero expón que nas tarifas actuais buscouse unha simplificación das anteriores, en atención ao demandado polos usuarios.

Soledad Muniategui interesase polo motivo da baixada na tarifa de análise de dioxinas. Jaime Rodríguez expón que se trata sobre todo de facer máis asequible a análise, para así facilitar a captación de usuarios. Soledad Muniategui resalta que se

trata dun servizo único en Galicia e dos poucos existentes en España, tratándose de determinacións moi complexas e de resultados con repercusións potencialmente moi importantes, que xustifican un coste elevado. Asemade, non debería entrarse en competencia de prezos con centros de referencia. Jaime Rodríguez indica que o servizo é consciente destas circunstancias, e que únicamente se fixo unha adecuación do prezo ao mercado; mantense un cotacto permanente e unha relación fluida cos centros de referencia a nivel estatal, sen haber unha situación de competencia, e está prevista a realización de diversas actividades conxuntas cos mesmos.

Apróbase por unanimidade a proposta de tarifas presentada, coas modificacións mencionadas, para a súa elevación ao Consello de Contas.

Punto 4º. CONVOCATORIAS DE INFRAESTRUCTURA

A Vicerreitora de Investigación anuncia que durante o ano 2007 haberá unha convocatoria de fondos FEDER. Aínda non se coñece en que datas terá lugar, nen se será a derradeira. Así pois, prégase aos usuarios que o teñan en conta, de cara a que chegado o momento da convocatoria as necesidades estean o máis definidas posible.

O Director do servizo presenta os equipos solicitados noutras convocatorias (véxase anexo), como a convocatoria do Ministerio de Educación y Ciencia do presente ano, e pendentes de resolución, que de non resultar concedidos presentaríanse na convocatoria FEDER do 2007. A Vicerreitora informa que non se espera que a citada convocatoria do MEC se resolva durante o presente ano.

Punto 5º. ROLDA DE INTERVENCIONES

Julián Yáñez desexa que conste en acta que no servizo de microscopía existen listas de espera aínda cando non se atopa a cero de personal como neste momento. Menciona que o servizo de Santiago conta con 3 personas, e o de Vigo aínda cun número igual ou superior, e suxire que tal vez debería xenerarse un posto. A

Vicerreitora e o Director indican que ese posto está xenerado e que se vai contratar unha persona, que será chamada da lista de espera de técnicos especialistas. Asemade, expandirase o horario do servizo, e habilitarase un sistema de reservas on-line. Julián Yáñez agradece a medida.

José Luis Vilariño expón que estivo analizando xunto con Gerardo Fernández a carga de traballo da Unidade de Técnicas Cromatográficas, e que se ben os tempos de resposta son axeitados, isto é a veces a costa de exceso de traballo dalgunhas personas. Expón que sería necesario un nuevo técnico superior (non un técnico especialista, polo tipo de equipos implicados) e tal vez máis adiante outro máis. Soledad Muniategui súmase á proposta, engadindo que podería non ser descabellado un técnico por equipo, e que se requiriría unha formación analítica ampla. O Director do servizo informa de que a Unidade de Técnicas Cromatográficas é nestes momentos a unidade con máis personal dentro do servizo, e que outras unidades tamén necesitarían un aumento de personal. Trátase dun problema común a todos os servizos xerais das universidades galegas, e fora de Galicia. Andrés de Blas considera que o do personal é o problema máis grande do servizo. A Vicerreitora incide en que esta é unha problemática xeneralizada, ao punto de que algunhas universidades establecen unicamente infraestructuras que se poidan explotar en réxime de autoservizo. O Director e a Vicerreitora informan tamén que se están a celebrar xuntanzas entre os directores dos servizos da Comunidade auspiciados pola Xunta de Galicia, que estuda fórmulas para dar apoio fundamentalmente nos capítulos de mantemento e personal. De todos xeitos, neste momento as conversacións están aínda nunha fase moi preliminar.

Carlos Jiménez transmite unha suxerencia de Socorro Castro para a compra de infraestructura, en concreto un equipo DSCN equipo DSC (Diferential Scanning Calorimeter), que sole ir acoplado os equipos de TGA (Thermal Gravimetric Analysis) para a UEM. Asemade, transmite a preocupación dun usuario polo delicado estado de funcionamento do espectrómetro de RMN AC200 instalado no Campus de A Zapateira, que é causa de frecuentes interrupcións no seu funcionamento.

José Luis Vilariño manifesta que lle parece inconcebible que as prazas de técnico superior cubertas en situación de interinidade foran incluídas na proposta de concurso de traslado, xa que dada a formación e especialización requirida para estas prazas, un traslado podería supoñer facilmente a paralización dunha unidade durante un mínimo de dous a tres anos. A Vicerreitora explica que se trata dunha proposta do

Comité de Empresa, e José Luis Vilariño informa que presentou unha queixa por este motivo perante dito Comité.

Andrés de Blas traslada unha petición de Socorro Castro, para a adquisición dun portamostras de cristal de silicio e un SQUID.

Daniel Mosquera transmite as felicitacións dos usuarios do instituto de xeoloxía ao Vicerreitorado de Investigación pola posta en marcha do servizo de asistencia técnica (que en todo caso non está integrado nos SAI), e pregunta cando se producirá a incorporación de personal na unidade de microscopía. A Vicerrectora de Investigación agradece a felicitación, e informa que se ben é moi difícil precisar a data de incorporación do personal, esta debería producirse a máis tardar para o mes de xaneiro.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:30 horas.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal